



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SETE (27) DE ABRIL DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 27 de abril de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a Anna Margarita Candal Malvís
- D. Diego Chazarreta Arévalo.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG

- D. Iván Roca Cruz.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asisten:

- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan, concelleira do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”.
- D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”.
- D. Jorge Platas Casal, concelleiro do grupo municipal “Popular”.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022002086, de 24 de abril, que son os seguintes:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 30 de marzo de 2023.

2º.- Solicitud de cesión ó Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, respecto da obra denominada “DEPRESIÓN DE LA CARRETERA AC-12. CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA ELEVADA. ORDENACIÓN DE ACCESOS Y DE LA CIRCULACIÓN PEATONAL. AC-12 P.K. 5+190. A CORUÑA. CLAVE: 33-LC_5740”.

3º.- Adopción de acordo de doazón de material diverso en desuso ó Ministerio de Comercio Exterior da República de Cuba.

4º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023001512 ata o nº 2023002076 (incluídos).

5º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o 30 de marzo de 2023

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo á acta que se achegou para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria que tivo lugar o 30 de marzo de 2023*.

Punto 2.- Solicitud de cesión ó Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, respecto da obra denominada “DEPRESIÓN DE LA CARRETERA AC-12. CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA ELEVADA. ORDENACIÓN DE ACCESOS Y DE LA CIRCULACIÓN PEATONAL. AC-12 P.K. 5+190. A CORUÑA. CLAVE: 33-LC 5740”

Expón o asunto a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que a Lei de Estradas e a orde que a desenvolve regulan a entrega de vías urbanas da rede estatal de estradas ós concellos. Esta entrega realízase a través dun convenio e a iniciativa do acordo poderá corresponder tanto ó Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana coma ós concellos en cuxo termo estea o tramo de estrada a entregar.

Unha vez asinada a acta de recepción das obras, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ditará resolución pola que se transferirá ó Concello a titularidade do tramo de estrada con todos os seus elementos auxiliares e equipamentos. Desde ese intre e sen máis tramites, o Concello asmirá plenamente a titularidade do tramo e será responsable da súa conservación e explotación, sen prexuízo do réxime de responsabilidade do



CONCELLO DE
OLEIROS

contratista, establecido na lexislación de contratos do sector público para as obras por él executadas. O tramo de estrada entregado ó Concello será excluído da Rede de Estradas do Estado e dos seus inventarios e catálogos. A estrada AC-12, Avda. das Mariñas, atravesa o Concello de Oleiros e constitúe un dos principais accesos da cidade da Coruña, o tramo transcorre por este Concello e conta cunha importante demanda de cruces peonís.

Esta estrada, así como os vaiais e os camiños, non forma parte da Rede de Estradas do Estado se non que constitúen o Viario Anexo á Rede de Estradas do Estado. Este viario poderá ser cedido a outras administracións públicas.

Con data de 7 de marzo de 2023, este Concello solicitou do Ministerio a introdución de melloras e modificacións no proxecto construtivo relativas a xardinería e plantacións, reordenación do tráfico, mobiliario urbano e acabados, estas melloras buscan unha mellor integración da obra na malla urbana do núcleo de Perillo. O marco para a celebración de acordos de entrega ós Concellos de Vías urbanas da rede estatal prevé que a redacción e tramitación dos proxectos de acondicionamento, mellora e humanización dos tramos corresponderá á Dirección Xeral de Estradas e a súa aprobación ó órgano competente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Como xa expuxo, o financiamento, execución e recepción da obra será asumida integramente polo propio Ministerio, impondo á entidade local a condición de asumir a titularidade do tramo e a responsabilidade da súa conservación e explotación.

Esta actuación interésalle ó Concello por ser unha obra integrada na malla urbana do núcleo de Perillo, cun alto custe que será asumido na súa totalidade polo Ministerio correspondendo a esta administración a responsabilidade da súa conservación e explotación, dado que a vida útil estimada é de dez anos, co esgotamento dos mesmos debería asumirse a súa substitución por parte municipal, tal e como se sinala no informe sobre os posibles custes de mantemento.

Por todo isto, procede solicitar ó Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a entrega de ramais de enlace e glorieta superior da obra, con todos os seus elementos auxiliares e equipamentos, incluída as vías de servizo; en segundo lugar, facultar ó alcalde para representar ó Concello en todo os trámites necesarios para este procedemento e en terceiro lugar, dar traslado deste acordo ó Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana, Dirección Xeral de Estradas, Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, para que se realicen os trámites necesarios para formalizar a cesión.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que o Partido Popular de Oleiros non se opón á cesión deste tramo de vial porque consideran que é bo para a veciñanza deste concello, pero si queren chamar a atención sobre un feito.

Cando a Xunta de Galicia ofreceulle a cesión do tramo no Couto coa fin de convertela nun vial urbano e poder instalar un paso de peóns moi reclamado pola veciñanza da zona, o alcalde alegou para desbotalo que non querían asumir o custe de mantemento do nomeado tramo e iso que a Xunta de Galicia transferíallo arranxado cunha dotazón de 300.000 € para gastos ¿Cal é a razón para que agora o concello quera aceptar esta cesión proposta?; ¿Cal é a diferenza entre este tramo de vía e non o do Couto?, ¿Por qué solicita a cesión deste tramo?; ¿Qué é máis importante para o alcalde o custo económico ou a seguranza da veciñanza?.



CONCELLO DE
OLEIROS

En moitas ocasións o alcalde presume de ser un gran político, pero con actuacións deste tipo fai que lle consideremos un mal político e un peor alcalde.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Anna Candal**, anunciando o voto a favor do seu grupo porque consideran que canto máis preto das administracións as infraestruturas mellor e máis efectivo é o seu mantemento, en canto ó tema do Couto intervirán na quenda de rogos e preguntas.

Intervén a voceira do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, anunciando tamén o voto favorable do seu grupo para este asunto, do tema do Couto falaremos no remate desta sesión e parece que é máis doado negociar co goberno central que co da Xunta de Galicia, é unha reflexión, o normal sería poder negociar coa mesma sintonía con ámbalas administracións, pero indo ó tema en cuestión insiste no apoio ó mesmo.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que ás veces non dá crédito con algunha intervención que se fai neste pleno, querer comparar un paso de peóns como o do Couto cunha obra como a da N-VI, que nun principio ten un custo duns 13 millóns de euros, unha obra esencial para a entrada de vehículos á cidade da Coruña e que afecta ós concellos de Oleiros e Cambre; unha obra desa magnitude cun paso de peóns é que causa certa gracia, entende que se estea xa en campaña e que cada quen intente arañar uns votos, pero é que no Couto téñeno difícil.

Contesta o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que non é facer comparacións senón preguntar o por qué nun vial si e noutro non, cando ademais o que lle cede a Xunta non custa un peso...

Segue coa súa intervención o alcalde, Sr. **García**, sinalando que parece que o voceiro do PP non quere entender, se por cada paso de peóns tivera o concello que coller a cesión de estradas da Xunta de Galicia sería a ruina económica municipal.

A petición que se fai ó Ministerio é a cesión dunha glorieta que lle vai permitir ó concello facer un paso de peóns non, senón dous, un a cada beira e ademais facilitar a entrada á urbanización Agramar que agora os vehículos que veñen en dirección Coruña pola N-VI ou outros que veñen do alto de Perillo, teñen que ir dar a volta á Ponte Pasaxe, situación que facilitará o tránsito dun ámbito que conta cuns 4.000 habitantes, ademais de que o propio Ministerio executará a urbanización de catro rúas municipais, dotándoas de pasos de peóns, beirarrúas e prazas de aparcamento, polo que a comparanza insiste en que non é por chamarlle dalgún xeito, acertada.

Neste intre a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinala que grazas á intervención e xestión do do Goberno Central do PSOE esta obra puido levarse a cabo...

Segue coa súa intervención o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que esta obra execútase a día de hoxe despois de vinte anos de reclamos por parte do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, fixérona por mor da presión política deste goberno e porque a Ponte Pasaxe é unha gran infraestrutura da comarca da Coruña, polo tanto desde que se leva reclamando a execución desta obra xa pasaron catro presidentes do Estado que non fixeron máis que enganar, uns e outros, dous do PP e dous do PSOE polo que o cartel da Ponte Pasaxe está moi ben posto, aínda tería que ser máis grande.



CONCELLO DE
OLEIROS

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 24 de abril de 2023, acadándose o resultado de **quince (15) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños"; dous (02) do grupo municipal "Socialista"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) e **tres (03) abstencións** (tres (03) do grupo municipal "Popular").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"El 30 de diciembre de 2019 el Secretario de Estado de Infraestructura, Transporte y Vivienda aprobó el expediente y el gasto correspondiente al contrato indicado.

El 31 de octubre de 2020 se publica la formalización del contrato con la empresa EXTRACO, S.A. - MISTURAS, S.A. - CIVIS GLOBAL, S.L.U. , en la Plataforma de Contratos del Sector Público.

El 30 de noviembre de 2020, el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana inició las obras "Construcción de Enlace. Depresión de la carretera AC-12, construcción de glorieta elevada, ordenación de accesos y de la circulación peatonal, AC-12, p.k. 5+190. Provincia de A Coruña". Clave: 33-LC-5740.

Los ramales de enlace y la glorieta superior de la obra en cuestión tienen la condición de vía urbana, y pueden ser objeto de cesión de su titularidad al Ayuntamiento de Oleiros, una vez que las obras sean finalizadas y recepcionadas

Esta actuación se justifica en lo dispuesto en los artículos 5, 47 y 49 de la Ley 37/2015, de 29 de septiembre, de Carreteras, artículos que definen las carreteras del Estado no integradas en la Red de Carreteras del Estado, esto es, las vías urbanas y su entrega a los ayuntamientos. El procedimiento a seguir se establece en la Orden TMA/1160/2021, de 8 de octubre, por la que se establece el marco para la celebración de acuerdos de entrega a los Ayuntamientos de vías urbanas de la red estatal.

Consta Memoria en la que se justifica la necesidad y oportunidad de esta cesión.

O 18 de abril de 2023 se emite informe técnico en el que se valora el coste que supondrá para el Ayuntamiento asumir los ramales y glorietas indicadas.

Consta informe jurídico de fecha 19 de abril de 2023 con la siguiente conclusión:

"Infórmase favorablemente a solicitud de cesión ao Concello de Oleiros dos ramales de enlace e glorieta superior da obra "Construcción de enlace. Depresión de la carretera AC-12, construcción de glorieta elevada, ordenación de accesos y de la circulación peatonal, AC-12, p.k. 5+190. Provincia de A Coruña". CLAVE: 33-LC-5740. Esta cesión deberase facer efectiva unha vez finalizadas e recepcionadas as obras. "

Se acompaña Propuesta de Acuerdo de entrega entre el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y el Ayuntamiento de Oleiros para la cesión a este último de los ramales de enlace y glorieta superior de la obra "construcción de enlace. depresión de la carretera ac-12, construcción de glorieta elevada, ordenación de accesos y de la circulación peatonal, ac-12, p.k. 5+190. Provincia de A Coruña". CLAVE: 33-LC-5740

Se acompañan los planos de delimitación de los ramales de enlace y glorieta superior de la obra "construcción de enlace. depresión de la carretera ac-12, construcción de glorieta elevada, ordenación de accesos y de la circulación peatonal, AC-12, P.K. 5+190. provincia de A Coruña". CLAVE: 33-LC-5740 que serán objeto de la cesión.

PROPONE AL PLENO DEL AYUNTAMIENTO DE OLEIROS:

PRIMERO: solicitar al Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, respecto de la obra DEPRESIÓN DE LA CARRETERA AC-12. CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA ELEVADA. ORDENACIÓN DE ACCESOS Y DE LA CIRCULACIÓN PEATONAL. AC-12 P.K. 5+190. A CORUÑA. CLAVE: 33-LC_5740, la entrega de ramales de enlace y glorieta superior de la obra "construcción de enlace. depresión de la carretera AC-12, construcción de glorieta elevada, ordenación de accesos y de la circulación peatonal, AC-12, P.K. 5+190. Provincia de A Coruña". CLAVE: 33-LC-5740, con todos sus elementos auxiliares y equipamientos (incluso las vías de servicio).

SEGUNDO: Facultar al Sr. Alcalde, Don Ángel García Seoane para representar al Ayuntamiento en todos los trámites de este procedimiento.



CONCELLO DE
OLEIROS

TERCEIRO: Dar traslado de este acordo al Ministerio de Transporte, Movilidad y Agenda Urbana, Dirección General de Carreteras, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia para que se realicen los tramites necesarios para formalizar la cesión.”

Punto 3.- Adopción de acordo de doazón de material diverso en desuso ó Ministerio de Comercio Exterior da República de Cuba

Da orde do alcalde expón o asunto a 2ª Tte. de alcalde e concelleira delegada de cooperación, Dª **Margarita Figueroa**, sinalando que por resolución da alcaldía decláranse un material en desuso e coma efectos non utilizables de acordo co regulamento de bens das entidades locais, previo informe do departamento de servizos municipais. Son elementos provintes de substitucións por novos en obras de mellora ou modernización, como é caso do material eléctrico, ou de cambios de arrendatarios como é o material da Casa do Arxentino ou da Fábrica e tamén receptionamos de xeito temporal recursos facilitados por outras administracións para que sexan trasladados a entidades sociais que lles poidan dar un uso axeitado.

Por outra banda a entidade Awen Worldwide, colabora desde hai tempo co pobo cubano, comprometeuse a asumir os custos de traslado e loxística deste material para aqueles recursos que se realicen en doazón para fins sociais e esta entidade recibiu unha proposta de colaboración do Poder Popular da cidade da Habana motivada polo bloqueo xenocida imposto polo EEUU, o bloqueo máis longo, cruel e inhumano da historia da humanidade. Unha vez en destino, o Poder Popular sería o organismo final receptor e distribuídor do material achegado.

En todo caso, trátase dun programa de colaboración, achegando notificación ó respecto do Ministerio do Comercio Exterior e o Inversión Extranxeira da República de Cuba que fan constar expresamente que os envíos terán a natureza de doazón e nunca terán carácter comercial, non tendo tampouco esta actividade a empresa que os vai trasladar fins lucrativos.

Para levar a cabo esta importante doazón foi necesaria e imprescindible a ONG Solidariedade Galega, a quen agradecemos expresamente a súa presenza hoxe nesta sesión plenaria e a súa boa disposición, bo facer e compromiso desde hai moitos anos con este concello.

A relación de material que se cede de xeito gratuíto figura no expediente e consta de material diverso eléctrico, sanitario, mobles, enseres ou material escolar e didáctico, entre outros, que será trasladado en principio por dous contedores marítimos con destino á cidade da Habana, porque hoxe mesmo pola tarde chegou outra doazón máis de 12 palés con material sanitario; polo exposto propónse ó pleno da corporación é a adopción do acordo seguinte:

1.- Ceder gratuitamente á empresa Awen Worldwide, con CIF B67736173, o conxunto de efectos non utilizables identificados no expediente que se achega a esta sesión plenaria, coa fin de que se encargue a súa costa de trasladalos para poñelos a disposición do Goberno Provincial do Poder Popular da cidade da Habana para fins de interese social na República de Cuba.

2.- Como dixó, os gastos de recollida e traslado do material serán por conta da concesionaria, así coma doutros que non sendo de propiedade municipal se atopan almacenados en dependencias municipais en virtude da colaboración que se está a manter con outras institucións públicas.



CONCELLO DE
OLEIROS

3.- Facultar ó alcalde para que poida realizar calquera trámite que sexa preciso para a execución do presente acordo e, por último, dar coñecemento do mesmo e transmitíndolle o agradecemento pola súa xenerosidade a tódalas entidades implicadas no mesmo.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que en primeiro lugar e en representación do Partido Popular de Oleiros dicir que lamentan profundamente a situación que está a vivir o pobo cubano, que está a sufrir a maior crise económica vivida desde a caída da Unión Soviética no ano 1991, pero aínda así o seu grupo no vai apoiar este asunto por dous motivos.

En primeiro lugar e con todo o respecto pola asociación nomeada, a situación que vive a día de hoxe Cuba dirixida por Díaz Canel non lles garante que estes bens poidan chegar ó pobo cubano, dado que o organismo receptor dos mesmos vai ser o Ministerio Exterior de Cuba, cando realmente quen o necesita de verdade é o pobo e non o goberno e, por outra banda, estiman como máis necesario axudar ós veciños de Ucraína que, como se está a ver tódolos días, quédanse sen nada, sen casa, sen comida e o peor, sen vida por culpa dos delirios de grandeza dun tolo chamado Putin.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando que o seu grupo entende de xeito xenérico que toda maquinaria, material ou mobles deben ter unha segunda vida para colaborar co medio ambiente e ó mesmo tempo, tratar de abolir a pobreza. Sen embargo, o seu grupo non está de acordo co destino desta doazón, dado que existen outros países que están en peores condicións; Venezuela por exemplo está moi necesitada e hoxe en día en Cuba recibe petróleo venezolano, polo que inisiste en que non están de acordo co destino pero sí coas doazóns coa fin de rematar ou paliar na medida do posible coa pobreza, polo que se van abster.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, anunciando o seu voto a favor e amosándose estar totalmente de acordo coa doazón proposta, que non sería necesaria se non existise un bloqueo xenocida como dixo a concelleira que remata de expoñer o asunto, cando Cuba era unha ditadura non había ningún tipo de bloque porque a illa era o casino particular dos EEUU.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que cre que todos na súa xuventude foron medios revolucionarios e levaban o cartel do Ché por tódolos lados, co tempo algúns cambian de ideas e agora, aínda que poden entender que existan outros pobos no mundo que teñan necesidades tamén, como poden ser Ucraína, Venezuela ou Sudán, todo o que sexa levar un alo de esperanza e axuda a un pobo necesitado sempre contará co seu apoio sempre, claro está, que os gastos de traslado sexan por conta doutras entidades e non do propio concello e que o alcalde se comprometa a que este material cedido chegue ó pobo cubano.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que volvemos a comparar e facelo entre Cuba e Ucraína é demencial, tódolos países títeres dos EEUU levan doados milleiros de millóns de euros en axuda nun ano e pico, non só en armamento senón tamén noutras dádivas, incluso o presidente Ucraíno xa tivo que cesar a varios ministros que parece que se lle pegaban os billetes ás mans, en plena guerra, polo que non se poden facer comparacións.



CONCELLO DE
OLEIROS

Que se saiba ningún país occidental está a prestar axuda directa ó pobo de Cuba, unha república de chea de españois e de negros africanos, que teñen o orgullo de ser españois ademais de cubanos, o único país de América Latina onde ser español é un mérito tremendo cando se persona alí.

Vas a Arxentina, a Venezuela ou México e os chistes máis degradantes son sobre os españois e máis, sobre os galegos, en México xa é tremendo, polo que Cuba o está a pasar realmente mal con ese bloqueo noxento, antes era por Fidel, agora xa non está nin sequera o seu irmán e o pobo cubano sigue a pasalo francamente mal porque os EEUU seguen coa teima de querer facerse outra vez coa illa para facer o seu cabaret como en antaño.

Lamenta que o PSOE de Oleiros non estea de acordo co destino deste material, parécelle increíble, pero este goberno municipal está seguro de que chegará ó pobo cubano e tachar de ditadura a Cuba cando existen países moi preto de nós como Marrocos, Arxel, Túnez ou mesmo Exipto, que son ditaduras pero claro, aquí ninguén fala deles porque as relacións comerciais con produtos tan necesarios como o gas ou o petróleo son esenciais e non vaian enfadarse...

Aclara o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, que non puxo en dúbida xa na súa intervención que o estea a pasar mal o pobo cubano, pero a súa petición en todo caso era que fora para o pobo ucraíno que a día de hoxe o está a pasar moi mal, porque poden verse imaxes de familias que se quedan sen absolutamente nada, sen casa, sen roupa, en nada de nada, e de aí que fixeran esa petición, sen máis, aínda que seguen coa dúbida de que este material poida chegar ó pobo cubano porque, ó final, o destinatario nun principio é o Poder Popular.

Tamén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Anna Candal**, salienta que non dubidan que o está a pasar mal o pobo cubano, pero non están de acordo en que estas mostras de solidariedade sexan repetidas para Cuba porque existen outros países no mundo que tamén o están a pasar mal, de aí a súa abstención.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de marzo de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (once (11) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **cinco (05) abstencións** (tres (03) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Por resolución da Alcaldía núm. 2023001945, do 17 de abril se declaran coma efectos non utilizables de acordo co previsto no artigo 7.4 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, un conxunto de bens identificados no seu corpo, dos que o Concello precisa liberarse, xa que segundo informan no Departamento municipal de Servizos, ocupan un espazo de almacenaxe que necesitan con elementos que non son aproveitables para ningunha utilidade pública municipal. O conxunto de elementos se corresponden cos provenientes de instalacións substituídas por obra nova ou de modernización, no caso dos materiais eléctricos, e de donacións ou cambios de arrendatarios na Casa do Arxentino e A Fábrica, entre outros. Cómpre sinalar tamén que o Concello de Oleiros recepción de xeito temporal elementos que son facilitados e son propiedade doutras institucións públicas, que facilitan co fin de ser trasladado a entidades sociais que lle poidan dar unha finalidade axeitada, sendo en todo caso de interese público o destino áxil deses elementos a puntos onde fai falla.



CONCELLO DE
OLEIROS

Por outra banda, a entidade Awen Worldwide, con CIF B67736173, destacada colaboradora pola súa axuda e apoio ao pobo cubano, se comprometeu a asumir os custos de traslado e loxística de todos os recursos que se lle cedan gratuitamente para fins sociais, tendo en conta que esa sociedade recibiu directamente unha solicitude do Poder Popular da Provincia da Habana, dada a situación complicada que está a sufrir Cuba por mor do bloqueio, Poder Popular como organismo final receptor e distribuidor a nivel nacional. En todo caso trátase dun programa de colaboración, achegando notificación ao respecto do Ministerio do Comercio Exterior e o Investimento Extranxeiro da República de Cuba. Fan constar expresamente que os envíos terán a natureza de doazón e nunca terán carácter comercial, non tendo a actividade da empresa Awen Worldwide fins lucrativos. A natureza dos materiais que se donan, inservibles segundo o informe municipal na actualidade para o Concello, non sendo necesarios para a actividade municipal, e por riba ocupando un almacenaxe, pero útiles no seu destino, fai que exista un interese público xustificado en levar a cabo esta cooperación.

O conxunto de materiais que se ceden gratuitamente é o que segue:

Mobles e enseres:

(Nº DESCRIPCIÓN CANTIDADE)

- 1 MESA DESPACHO CON ALA Y CAJONERA, COLOR GRIS Y PATAS NEGRAS 1
- 2 MESA DESPACHO DOBLE CON CAJONERA COLOR MIEL 1
- 3 ENCERADO - PIZARRA DE COLOR VERDE (MEDIDAS 1,23 X 2,50 M) 1
- 4 BAÚL DE MADERA CON RUEDAS (MEDIDAS 0,75 X 1,57 X 1,13 M) 1
- 5 ESCENARIO COMPUESTO DE TARIMA CON ARMAZÓN DE HIERRO Y ACCESO MEDIANTE ESCALERA CON BARRA - PASAMANOS 1
- 6 VARIOS MÓDULOS DE COCINA COLOR BLANCO CON PUERTAS DE MADERA (DESMONTADOS) 1
- 7 CAMPANA EXTRACTORA 1
- 8 HORNO 1
- 9 PLACA VITRO 1
- 10 FREGADERO CON GRIFO 1
- 11 CAFETERAS INDUSTRIALES 2
- 12 NEVERA BLANCA CON CONGELADOR EN SU PARTE SUPERIOR (1,45 M. ALTO) 1
- 13 MUEBLE - ARMARIO DE MADERA CON PUERTAS EN LA PARTE INFERIOR E ESTANTES EN LA PARTE SUPERIOR (MEDIDAS 1,80 X 0,901 ALTO - ANCHO)
- 14 MESAS DE COMEDOR REDONDAS CON PATAS ARTICULADAS, DISTINTOAS MEDIDAS E TAMAÑOS 6
- 15 MESAS DE COMEDOR RECTANGULARES CON PATAS PLEGABLES VARIAS
- 16 COCINA INDUSTRIAL ACERO INÓXIDABLE DE GAS 1
- 17 FREGADERO INDUSTRIAL DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 18 HORNO INDUSTRIAL DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 19 CAMPANA INDUSTRIAL DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 20 FREIDORA INDUSTRIAL DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 21 ALMACÉN DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 22 MESA DE ACERO INÓXIDABLE 1
- 23 SISTEMA DE VENTILACIÓN COMPUESTO DE MOTORES Y TUBERÍAS DE DISTINTOS ANCHOS Y LONGITUDES 1
- 24 MUEBLE AUXILIAR PARA ALMACENAR COMIDA CON RUDAS (MEDIDAS 0,50 X 0,48 X 1,10 M) 1
- 25 MESA PING - PONG EMBALDA EN CAJAS DE CARTÓN 1
- 26 JUEGO DE DOS ESPALDERAS DE MADERA PARA GIMNASIO 1
- 27 MOLINILLO DE CAFÉ INDUSTRIAL 1
- 28 LAVAMANOS MÚLTIPLE PARA PREESCOLAR EN ACERO INÓXIDABLE 1
- 29 BOTELLA PEQUEÑA DE OXÍGENO 1
- 30 CUBO DE BASURA DE PLÁSTICO NEGRO CON TAPA 1
- 31 APARATO DE GIMANSIA CON PESAS 1
- 32 BARRAS - ASIDERO PARA MINUSVÁLIDOS 4
- 33 MÁQUINA DE ESCRIBIR "OLIVETI LINZA 98" CON MESA 1
- 34 MÁQUINA EXTRACTORA DE HUMOS INDUSTRIALES 1

Material eléctrico:

(Nº DESCRIPCIÓN CANTIDADE)

- 1 FAROLA GENERAL ELÉCTRICA 150W 49
- 2 PROYECTORES DE PABELLONES Y CAMPO DE FUTBOL 400W-1000W-250W 43
- 3 INDALUX IUA-2 150W (DOS MODELOS) 97
- 4 INDALUX - VIENTO COLOR NEGRO 3



CONCELLO DE
OLEIROS

- 5 I.E.P. CÓNICA 100W 10
- 6 REACTANCIAS 150W 75 + 12 CON ARRANCADORES
- 7 REACTANCIAS 250W 20
- 8 CONDENSADOR - ARRANCADOR 200
- 9 GLOBOS INDAL COLOR GRIS 8
- 10 GLOBOS TRANSPARENTES FUME PEQUEÑOS 18
- 11 GLOBOS TRANSPARENTES PARTE SUPERIOR GRIS 70W 20
- 12 CAMPANAS DE ILUMINACIÓN PABELLONES DEPORTIVOS 400W 32
- 13 GLOBOS IJP GRANDES 250W TRANSPARENTES - PARTE SUPERIOR NEGRO 16
- 14 INDALUX CUADRADAS 150W COLOR CREMA - QUIOS 30
- 15 INDALUX 100W SEMIESFERA - PLÁSTICO 23
- 16 INDALUX SEMIESFERA - NEGRA CRISTAL 50
- 17 CAMPANA - FAROLA CON SOMBRERO IEP 19
- 18 FAROLA SOCELEC D2-15 23
- 19 GLOBO IJP 100W 100

Ningún dos bens sinalados na presente proposta son considerables na data de hoxe coma de dominio público, sendo efectos non utilizables pola resolución que se identificou, en consecuencia bens patrimoniais que poden ser obxecto de cesión gratuita de acordo co disposto no artigo 110 e seguintes do mesmo Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, coma consta no informe emitido polo xefe do Servizo de Interior de data 19/04/2023.

Polo exposto, propónse ao Pleno da Corporación que, previo ditame da Comisión Informativa que corresponda, adopte o acordo seguinte:

Primeiro.- Ceder gratuitamente á empresa Awen Worldwide, con CIF B67736173, o conxunto de efectos non utilizables identificados no presente documento, coa fin de que se encargue a súa costa de trasladalos para poñelos a disposición do Goberno Provincial do Poder Popular da Habana para fins de interese social na República de Cuba.

Segundo.- Os gastos de recollida e traslado dos elementos serán por conta da concesionaria, así coma doutros que non sendo de propiedade municipal se atopen almacenados en dependencias municipais en virtude da colaboración que se poida manter con outras institucións públicas.

Os efectos non utilizables que se entregarán fanse con pleno coñecemento das súas características por parte do interesado, non cabendo reclamación de ningún tipo sobre das súas características ou estado, e con respecto á responsabilidade que sobre os vicios ocultos puidera existir con respecto á normativa civil de aplicación.

Terceiro.- Facultar ao alcalde da Corporación para que poida realizar calquera trámite que sexa preciso para a execución do presente acordo.”

Punto 4.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023001512 ata o nº 023002076 (incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023001512 ata o nº 023002076 (incluídos).

Punto 5.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Expón o alcalde, D. **Ángel García**, que hai supostamente dúas mocións presentadas pero o goberno municipal entende que só hai unha, os motivos os vai explicar a voceira do goberno municipal, Sra. Varela.

Intervén da orde do alcalde, D^a **M^a José Varela**, sinalando que como dixo o alcalde presentou unha moción o BNG e da que entenden que é realmente unha proposta que afecta a temas municipais e o día 24 deste o PP presentou unha proposta de moción en apoio ás vítimas da ocupación e unha vez que viron tanto o texto coma a proposta de acordo a adoptar, entenden que non é competencia municipal a derogación ou cambio de leis ou incluso, de



CONCELLO DE
OLEIROS

condicionar empadroumentos, é dicir, nada que ver coa competencia e vida municipal e como o grupo municipal “Popular” de Oleiros ten representantes a nivel estatal no Congreso dos Deputados, fagan a política que atañe ó Estado alí, porque en Oleiros afortunadamente hai moi pouca ocupación e cando existe, o goberno municipal xestiona coas medidas que legalmente pode adoptar e non o que pretende aprobar hoxe aquí o grupo municipal, polo que entenden que non é o foro axeitado e por iso non apoiarán favorablemente a declaración de uxencia, para poder tratar esta moción neste pleno.

5.1.- Moción do grupo municipal “Popular” en defensa das vítimas da ocupación

De orde do alcalde, pásase directamente á votación da urxencia para tratar a moción.

Votación da urxencia

Pasándose á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado de **tres (03) votos a favor** (tres (03) do grupo municipal “Popular”); **dúas (02) abstencións** (unha un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catorce (14) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda rexeitar a urxencia* da moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

5.2.- Moción do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre mulleres colleiteiras e a xestión da recollida do aceite doméstico usado no Consorcio das Mariñas

De orde do alcalde expón a moción presentada o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dando lectura ó texto do moción presentada e que se transcriba na parte dispositiva do acordo.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes nesta sesión, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda proceder a tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Da orde do alcalde intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que se trata dunha moción que a consideran acertada e loable porque que se teña en conta un aspecto social similar ó convenio que ten asinado o Concello da Coruña coas Mulleres Colleiteiras, parécelles como dixo antes axeitado.



CONCELLO DE
OLEIROS

Oleiros pertence ó Consorcio das Mariñas que é o órgano que sacou no seu intre a concurso esta prestación de servizo, é certo o que sinalan na moción os representantes do BNG, porque é un contrato que rematou e logo contratouse cunha empresa, ó presentarse esta moción pediron información ó Consorcio e non lles consta que haxa ningunha queixa nin reclamación ou denuncia ó respecto, que están elaborando os pregos de cláusulas administrativas e técnicas para licitar esta contratación novamente, que se publicará na plataforma de contratos do Estado e, por suposto, en base á legalidade existente tanto na contratación coma na lei de tratamento de residuos medioambientais.

O goberno municipal apoia a moción, porque lles interesa que isto estea controlado e logo o Concello de Oleiros dentro do Consorcio das Mariñas expoñerá o seu razoamento e aínda que non sexa garante de que se vaia facer como desexan porque existen outros sete concellos máis.

Afonda no asunto o alcalde, D. **Ángel García**, que este concello ten vinte naves de titularidade municipal a disposición de varias empresas ou emprendedores e unha delas está sendo utilizada por “mulleres colleiteiras”.

Tamén pola voceira do goberno municipal, D^a **M^a José Varela**, engádese que o Concello de Oleiros tamén pertence á EDAR de Bens e son soñecedores que desde esta institución se lle concede unha axuda ás “mulleres colleiteiras” para as súas fins sociais.

Votación da moción

Pasándose á votación da moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, acádase o resultado da unanimidade dos asisntentes, é dicir, por **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; tres (03) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG, que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Mulleres Colleiteiras é unha entidade que se ocupa da recollida, tratamento, valorización e reutilización de aceite doméstico usado. Trátase dunha entidade de interese social, pois ocupa, en réxime de cooperativa sen ánimo de lucro, a mulleres en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, facilitando unha inclusión laboral real e adaptada á súa situación de partida. Ademais, ofrécelles formación para contribuír á súa autonomía laboral e conta cun programa de promoción do benestar e mellora das condicións de vida.

Esta entidade traballa cun modelo de recollida e tratamento do aceite doméstico usado dun xeito positivo dende o punto de vista medioambiental, xa que se ocupa da recollida e reutilización de miles de litros de aceite, aproveitando recursos locais e evitando a xeración de residuos. A recollida do aceite usado representa un servizo á cidadanía, que de non facerse de xeito organizado e regulado pode representar un problema sanitario e medioambiental.

O Consorcio das Mariñas realiza este servizo por medio dun contrato de recollida, que caducou no mes de outubro, sen que se fixera unha nova convocatoria.

Por este motivo, o BNG propón deste Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Oleiros solicita ao Consorcio das Mariñas:



CONCELLO DE
OLEIROS

1.A convocatoria urxente dun novo sistema para a recollida e tratamento de aceite de cociña usado, por medio dun novo contrato social ou convenio.

2.Que nesta convocatoria se estableza un seguimento e control exhaustivo da execución do servizo, unha vez adxudicado, dirixido a impedir que se manteñan as graves e actuais irregularidades no control dos pesos, frecuencias de recollida e trazabilidade do residuo. Este control debe incluír a fiscalización axeitada dos contedores instalados; tipo de contedores; sinalización dos contedores; sinalización dos vehículos utilizados para a recollida; seguimento das recollidas realizadas e frecuencias, ademais da súa modalidade; envío de información periódica ao Consorcio e os concellos afectados e cumprimento das leis e normativas de traballo e medioambientais.

3.Que se teña en conta que os obxectivos de Mulleres Colleiteiras están relacionados, ademais, cos seus fins sociais, e non unicamente coa rendibilidade económica, polo que solicitamos que entre os baremos da nova licitación se prime o carácter social demostrábel das entidades ou empresas que se candidaten.”

* rogos e preguntas

5.3.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre incremento de roubos en propiedades en Arillo

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Nos últimos meses producíronse varios roubos en propiedades da zona de Arillo, insisten logo na necesidade de incrementar a seguridade, polo que rogan que se tomen as medidas necesarias e se reforcen as patrullas policiais.”

5.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo do camiño que une a Rúa Areosa coa Rúa das Bestas

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“Na derradeira sesión plenaria este grupo municipal rogo que se asfaltase o camiño que une a Rúa Areosa coa Rúa das Bestas, quedaron en visíto e buscarlle unha solución polo que rogan que se axilice esta xestión.”

5.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre arranxo das beirarrúas na Avda. Ernesto Che Guevara

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“As beirarrúas na Avda. Ernesto Che Guevara, á altura do GADIS e de Casa Rafa, están en moi mal estado polo que rogan que se arranxen.”

5.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre reforzo de limpeza os luns na contorna dos centros de ensino

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Os luns na contorna dos centros de ensino hai moito lixo despois da fin de semana, incluso por mor da acción dos xabaríns, polo que rogan que dean as ordes oportunas para que se proceda a súa limpeza antes de que se inicie a actividade educativa.”

5.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre a non publicación de cartas remitidas ó apartado “tribuna aberta” do “Vivir en Oleiros” e erro no enderezo electrónico de remisión de colaboracións

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“Teñen constancia de que moitas das cartas que se remiten ó apartado de “tribuna aberta” do “Vivir en Oleiros” non se publican e, por outra banda, observaron que existe un erro no enderezo do correo electrónico sinalado para a remisión de colaboracións, dado que figura *comunicación@oleiros.org* cando a palabra comunicación debe figurar sen tilde, polo que rogan que se corrixa e tamén que se publiquen tódalas cartas remitidas e non so as que teñan laubanzas sobre a xestión municipal omitindo as críticas.”

5.8.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre caída dunha canastra no Polideportivo da Rúa Rafael Dieste

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“O pasado 3 de abril caeu unha canastra das dúas existentes nas pistas do polideportivo da Rúa Rafael Dieste en Santa Cruz. De ter caído sobre algunha persoa as consecuencias poderían ter sido moi serias e ó pouco de ter caído, a mesma canastra foi repostada; rogan que analicen a viabilidade e estabilidade da canastra soldada e a que aínda esta en pé.”

5.9.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre piso de acollida para atención das mulleres vítimas de violencia de xénero

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“En relación coa problemática da atención inmediata ás mulleres vítimas de violencia de xénero, consideramos que nun Concello co tamaño e patrimonio municipal do noso, mesmo coa existencia de pisos cedidos, ben podería haber algún piso de acollida para atender casos concretos, tanto integrado na rede autonómica coma a través de convenios coa Deputación o a Xunta; rogan que consideren esta opción baseada en criterios técnicos.”

5.10.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre a publicación do “Vivir en Oleiros”

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Os grupos políticos somos emprazados para remitirmos o artigo que nos corresponde no Viver en Oleiros por medio dun correo electrónico; rogan que nese mesmo correo sexa indicada a data aproximada na que a devandita publicación chega aos fogares da veciñanza.”

5.11.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre seguridade viaria na AC-173 Porto de Sta. Cruz-Mera

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No PMUS, na páxina 20, na táboa 3 na que se mencionan todas as estradas autonómicas no Concello de Oleiros, consta como velocidade máxima a de 50 quilómetros/hora na estrada AC 173, que é a que vai do Porto de Santa Cruz a Mera, esta estrada é unha das de máis sinistralidade de Oleiros. Obedece este dato á totalidade da estrada, incluído o treito do Couto, onde só existen dous pasos de peóns a 2 quilómetros de distancia o un do outro.

Unha das recomendacións básicas a tomar polo Concello segundo o propio PMUS, debería ser a promoción dos desprazamentos peonís incrementando a seguranza viaria dos peóns xunto coa mellora da accesibilidade.

Entendemos pois que a análise feita no PMUS sobre esta zona da Couto parte dun dato errado como é a da velocidade máxima, polo cal a partir deste dato calquera tipo de análise tamén estaría errada; rogan que encomenden á empresa encargada da elaboración do PMUS que estude novamente esta estrada AC-173 conforme a datos fidedignos e que se escoiten as opinións das veciñas da zona, tal e como se fai no resto do Plano, todo elo con independencia da competencia da propia estrada.”

5.12.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre protección de árbores na contorna da Rúa Castro da Groba

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Reactívase o Sector UA-31 en Castro da Groba habilitado para construción de vivendas unifamiliares. Rodeando a pista deportiva existen uns espléndidos exemplares de plátanos de gran porte; na entrada da Rúa castro da Groba existen tamén tres grandes teixos, árbores testemuñais no noso voncello e moi escasas no resto do país; rogan sexan protexidas e incluídas no catálogo de bens naturais do PXOM, se é posible.”

5.13.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre protección de árbores na contorna da Rúa Castro da Groba

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“Reactívase o Sector UA-31 en Castro da Groba habilitado para construción de vivendas unifamiliares. Rodeando a pista deportiva existen uns espléndidos exemplares de plátanos de gran porte; na entrada da Rúa castro da Groba existen tamén tres grandes teixos, árbores testemuñais no noso voncello e moi escasas no resto do país; rogan sexan protexidas e incluídas no catálogo de bens naturais do PXOM, se é posible.”

5.14.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre medidas de axuda para aluguer de vivendas en Oleiros



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

"O problema da vivenda é un tema xeral no Estado, Oleiros está a punto de ter a condición de zona tensionada e o parque de aluguer neste concello é escaso e cuns prezos de 600 € en adiante, é increíble.

Este aspecto neste concello afecta en gran medida a moitas familias que teñen que se adaptar con 1.200 ou 1.300 € de ingresos mensuais e sendo un problema do Estado como xa dixo ou da Xunta de Galicia, rogan que nun futuro se contemple a posibilidade de que o concello poida axudar ás familias con rendas de menos de 25.000 € para poder alugar vivendas neste concello."

5.15.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre maior presenza da Policía Local na rúa

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

"Un asunto que xa se falou en varias ocasións neste pleno, rogan que mentres non se poidan cubrir as vacantes no Cadro da Policía Local se proceda á optimización dos recursos existentes intentando que haxa máis axentes da Policía Local na rúa.

Recentemente comentoulle unha veciña que se produxo un roubo dun vehículo, xusto a carón da Finca Canaima no centro do núcleo de Oleiros, non pode ser de recibo de que a escasos metros do concello se produza un roubo de mercadorías e documentación nun vehículo, polo que coa presenza de máis axentes na rúa realizaríase un efecto disuasorio."

5.16.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre instalación de bancos nos parques e xardíns

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

"Outro tema que xa falou neste pleno, existe un amplo parque municipal de parques e xardíns, hai que dicir que é unha marabilla, pero seguen faltando bancos.

Existe moita xente maior que precisa descansar nas súas camiñatas e, incluso, existen parques onde non hai bancos, polo que se debe proceder á instalación de máis bancos nos parques e xardíns porque non é excesivamente custoso e fan falla."

5.17.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre melloras para os e as xubiladas de Oleiros

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

"Oleiros non é alleo ó problema existente no resto do país, a natalidade está a descender hai máis xubilados, en concreto son datos de 2022 existen 6258 xubilados e xubiladas sobre unha poboación total duns 37.000, polo que practicamente o 18% da poboación é xente xubilada, na meirande parte con pensións moi axustadas, polo que solicitan do goberno municipal a aplicación dalgún tipo de beneficio fiscal e intentar que desde as entidades bancarias lles dean un mellor trato."

5.18.- Rogo do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre implementación de axudas para favorecer a natalidade

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando:

"Seguindo co exposto no rogo anterior, solicita do goberno municipal a implementación dunha partida orzamentaria que axude a fomentar a natalidade en Oleiros e que a as parellas teñan uns incentivos económicos ou axudas para favorecer a natalidade."

5.19.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre o respecto á lei electoral no municipio

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Popular", D. **José A. Bonome**, sinalando:

"A Xunta Electoral volveu chamarlle a atención por incumprimento da normativa electoral por utilizar a web e redes sociais municipais por exaltar sus obras e logros nun período no que está prohibido.

Nas eleccións do 2019 xa foi requerido en máis de dez ocasións, incluso con multas ¿Cando vai empezar a respectar as leis e non facer trampas electorais?."

5.19.- Pregunta do grupo municipal "Popular" sobre diferentes pagos en materia de publicidade



CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“No expediente intervención 2023/20 entre o pago de máis de 2.000 € en emisoras de radio e outros máis de 5.000 € a empresas de eventos para ensalzar a súa obra, existe unha factura a nº 59, de 2.175 € + IVA á Televisión da Mancomunidade do Salnés SL ¿Poderían indicar a que corresponde este pago?”

5.20.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre presenza de roedores nas inmediacións da N-VI

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“En Perillo existe unha praga de ratas, posiblemente debido ás obras que se están a levar a cabo na N-VI, algunhas comunidades de veciños e entidades están tomando medidas ¿Que medidas está a tomar o concello ante este perigo para a saúde da veciñanza e para a imaxe do municipio?”

5.21.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre axudas a adquisición de vivenda en Oleiros

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando:

“¿Existe algún tipo de iniciativa municipal para a solución de adquisición de vivendas en Oleiros?”

5.22.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre denegación de axudas a través do programa Next Generation

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando:

“¿As axudas Next Generation son presentadas dentro dos prazos establecidos, porque vense poucas actuacións grazas a estas axudas? Teñen coñecemento de que por exemplo a do Mercado Municipal de Perillo foi denegada, pero descoñecen a que se debeu este rexeitamento ¿Teñen unha mala valoración? Insiste en que descoñecen as causas que motiva esta denegación de axudas a través deste programa.”

5.23.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre presenza de roedores en Viñas de Babilonia

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando:

“Tamén os e as veciñas de Viñas de Babilonia queixáronse da presenza de roedores nas inmediacións das súas vivenda ¿Hai algún procedemento establecido que aborde esta praga? Especificamente refírense ás que remata de sinalar na Rúa Viñas de Babilonia.”

5.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre causas reais dos motivos do rexeitamento da cesión do tramo da estrada que circula por O Couto

Formula a pregunta a voceira do grupo municipal “Socialista”, D^a **Anna Candal**, sinalando:

“A veciñanza da zona do Couto quere saber ¿Cales foron as causas reais que motivaron que o concello rexeitase a cesión da estrada? Gustaríalles saber isto porque todos e todas pensan que está por riba a seguridade da circulación, tanto rodada coma peonil, que outras causas.”

5.25.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre accións levadas a cabo despois da aprobación do PMUS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

“No PMUS aprobado por decreto da alcaldía o setembro pasado destácase o dominio aplastante do vehículo particular fronte calquera outra opción, con previsión de forte incremento nos vindeiros anos. No PMUS fíxase un serio unha serie de medidas a tomar polo Concello a curto prazo nun período de até 2 anos dende a súa aprobación. Cómpre destacar que o Concello de Oleiros non conta con Concellaría de Mobilidade.

Transcorridos 7 meses dende que o PMUS foi aprobado por decreto de alcaldía, que pasos está a dar o concello dentro dese período inicial de medidas?”

5.26.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre discriminación padecida por usuarias con diversidade funcional nos autobuses públicos con destino Oleiros



CONCELLO DE
OLEIROS

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"O BNG de Oleiros denunciou publicamente a flagrante e inconstitucional discriminación padecida por usuarias con diversidade funcional que non foron admitidas en autobuses con destino Oleiros por falta de adaptación, malia ser vehículos de recente matriculación. A Xunta reaxiu a esta denuncia alegando erros na ancoraxe dos novos transportes, nos espazos reservados a persoas con mobilidade reducida ¿Ten previsto o Concello levar este asunto á Comisión de seguimento do plano metropolitano de transporte ou tomar calquera outro tipo de solicitude de responsabilidades ou medidas?"

5.27.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre permanente bloqueo de paso dun vehículo na Rúa As Grobias

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Entre os números 20 e 22 da Rúa As Grobias existe unha vía asfaltada bloqueada por un vehículo particular constantemente, circunstancia que impide o paso de vehículos ao número 22. Esa vía asfaltada remata nun carreiro agrícola con acceso a leiras.

O vehículo que obstaculiza impide igualmente o acceso de maquinaria agrícola e a situación esta a xerar tensión veciñal. A policía local ten acudido á zona por mor desta cuestión e de existir dereito de servidume paso na vía asfaltada e camiño agrícola o devandito vehículo estaría a incumplir a normativa ¿Existen dereitos de servidume paso na vía asfaltada e camiño agrícola?"

5.28.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-BNG sobre petición de axuda ó Ministerio de Dereitos Sociais para implantación de método CER coas colonias felinas

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando:

"Durante o primeiro semestre do ano 2023 dende o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 véñense conceder axudas para que os Concellos podan levar a cabo o método CER coas colonias felinas, Captura-Esterilización-Retorno. Co gallo desta situación o Ministerio elaborou dous manuais , un para xestionar as colonias felinas e outro para solicitaren as subvencións ¿Vai solicitar o Concello de Oleiros estas axudas-subvencións?"

5.29.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre situación na que se atopa o problema de seguridade circulatoria no Couto

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"¿En que situación atópase a día de hoxe o paso de peóns do Couto?"

5.30.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre incremento da frecuencia dos semáforos sitos a carón do Teleclub de Montrove

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

"Salienta que estas catro preguntas que vai realizar son tan doadas que vai dar ó mesmo tempo solucións.

¿Vaise ampliar a frecuencia do semáforo sito a carón do Teleclub de Montrove en 10 segundos?

Observou isto persoalmente, in situ, e puido decatarse que co incremento deses 10" dase solución á problemática dos atascos que ás veces se concentran alí e non perxudica practicamente ós que circulan pola vía principal de Montrove-Oleiros, fagan a proba e darase solución a un problema que a día de hoxe existe."

5.31.- Pregunta do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos sobre solución a problemas de visibilidade á hora de circular polas Rúas Miradoiro-Cruce e Piscina

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“¿Vaise dar solución dunha vez ós contedores que imposibilitan a visión na Rúa Miradoiro, Cruce e Piscina?”

E moi sinxelo, existe un xardín e si se amplía a beirarrúa porque é unha zona que conta con prazas de aparcadoiro de sobra, execútase unha beirarrúa ancha ó longo do parque, colócanse os contedores ó final e non se perxudica a ninguén e solúciónase o problema.

Caso parecido é o que existe abaixo e que coñece o seu concelleiro de sobra, o problema de visibilidade na Rúa Cubelos con Piscina, porque se está na mesma, favorécese a zona, se lle dá unha zona máis ampla para os nenos e automaticamente desaparece o problema.

É dicir, ampliación de beirarrúas en detrimento de zona de aparcadoiro nun lugar onde non existe ningún problema para aparcar os vehículos porque, ademais, tódalas vivendas unifamiliares existentes contan con aparcadoiro propio.”

5.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre solución ó alumeadado no Parque Nirvana

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Cando Rafael Astor deseñeou o Parque Nirvana instalou farois no Parque Nirvana, non foi un capricho, inicialmente as colocou e aínda a día de hoxe existen por todo o parque polo que ou se sacan ou se arranxan para que funcionen, instalando luces led.”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, salientando a respecto do posto de manifesto en canto a roubos acaecidos en Arillo, desgraciadamente existen roubos en Arillo, na Coruña, en Monelos ou Cambre, hai roubos en tódolos lados e quen ten que atendelos son os corpos e forzas de seguridade do Estado, neste caso a Garda Civil, porque a Policía Local non está para iso, colaboran con ela pero non é unha competencia de seu, polo que é competencia do Estado ampliar a plantilla de Gardas Civís para atender estas cuestións...

A isto engade a concelleira do grupo “Popular”, D^a **Dolores Silva**, que o rogo era para que a Policía Local coas súas patrullas pase con máis frecuencia por estes lugares a modo disuasorio...

Segue na quenda de contestación o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que lle consta que a Policía Local patrulla por todo o concello diariamente pero é que Oleiros ten 43 quilómetros cadrados e 90 núcleos de poboación, polo que é imposible que estean en tódolos lados á vez.

Sobre o dito da Rúa Areosa e A Besta, existe un tramo que se fai asfaltar, o que está en dirección a Maianca pero o que non se vai asfaltar é o monte, xa o ten dixo.

Non lle consta que estean deterioradas as beirarrúas no cruce de Coruxo, existe un trozo de bordillo que rompeu por mor dun accidente que houbo dun camión, pero non é un deterioro das beirarrúas.

O dito sobre aparición de lixo nas inmediacións dos centros de ensino, dicir que durante a fin de semana os rapaces xóvenes xúntanse e poden deixar lixo no chan, pero é que o departamento de servizos non traballa os domingos e será os lúns cando vaian facer o seu traballo e limparan o que deixaron da fin de semana, cre que ninguén pode queixarse da limpeza do concello en Oleiros.

O xornal “Vivir en Oleiros” adícalle unha páxina ás cartas que pode enviar a veciñanza e só poden publicarse un total de cinco e o proceso de selección se realiza en base ás cuestións nas que inciden, indubablemente temas municipais e non políticos.



CONCELLO DE
OLEIROS

A canastra do parque de Sta. Cruz xa está reparada; o piso de acollida para mulleres de violencia de xénero, existen pisos financiados e tutelados pola Deputación provincial na Coruña ou Culleredo, a disposición das mulleres obxecto de maltrato ou calquera outro tipo de violencia de xénero.

A publicación do “Vivir en Oleiros” é cada dous meses e pode oscilar entre 5 días arriba ou abaixo, incluso ás veces hai que esperar para publícalo porque son os grupos políticos municipais quen retrasan a súa publicación ó non enviar os artigos ou cartas para publicar.

No que atinxe ó paso de peóns no Couto, a verdade é que é un tema que xa o ten canso, o concello fixo todo o necesario por arranxalo, falou e dialogou con quen tiña que facelo, pero o que non van é estar tódolos días con este asunto e se algún veciño quere saír na prensa tódolos días, non van entrar nese xogo.

Os árbores na Rúa Castro da Groba, non sabe a que se refire, o goberno municipal non corta árbores moi ó contrario, os planta e cúdaos e sobre estes estea tranquilo que non se lles vai tocar.

O exposto sobre a promoción de vivenda de aluguer no concello, dicirille ó representante de Ciudadanos que é un tema que está moi presente estes días no Estado coa nova Lei de Vivenda que queren aprobar pero é que a realidade é moi teimuda e nin o PP nin o PSOE fixéron vivendas promoción pública, non así o Concello de Oleiros que levou a cabo 752 ata a data e farán máis.

Seguindo co tema dos roubos e que se perpetrase un a carón da Quinta Canaima, en Oleiros preto do cuartel da Policía Local, pero como dixo antes os axentes da Policía non van estar en tódolos lados e roubos hainos e pode habelos en calquera momento e lugar.

O concelleiro de Cidadáns pide máis bancos nos parques e habendo xa moitos estanse a facer máis e instalaranse nos diferentes parques e espazos públicos municipais.

No que atinxe ó preguntado por si a Xunta Electoral de Zona chamoulles a atención, parece que ó PP tamén lles requeriou para que parasen de poñerse diante do vehículo da Xunta de Galicia co lema “sabe a mar”, publicidade descarada a prol do PP, no dito sobre a factura foi a empresa que gañou o concurso para facer un grabación da Gala do Deporte que se celebrou hai pouco en Mera.

Sobre a presenza de roedores en diferentes zonas, tan sinxelo como avisar á empresa que presta o servizo de desratización para que actúen na zona na que aparezcan, pode facelo calquer veciño,.

Chámalle a atención da pregunta formulada polo grupo “Socialista” sobre a súa preocupación polo tema da vivenda, cando o PSOE leve a cabo vivenda pública alí estará tamén o Concello de Oleiros.

Sobre as axudas de fondos europeos, xa dixo nunha ocasión que parece que non son da corda e non as conceden a pesares de que se ten todo presentado ó detalle, solicitaron axuda para a Senda de San Pedro, nin contestaron, unha obra importante e diría que ata esencial que une dúas parroquias e cun custe duns 3 millóns de euros, que evita que os peóns vaian pola estrada e que poidan camiñar por unha paraxe fermosa a carón do río, nada de nada. Igual no tema do Mercado Municipal de Perillo, contestaronlles que non reunía os requisitos... insiste en que non son da corda e nesta época de Eleccións, tanto por unha banda coma pola outra, os marxinan.



CONCELLO DE
OLEIROS

O preguntado polo BNG sobre o Plan de Mobilidade, está aprobado e o departamento de obras públicas está rematando cos flecos que quedan porque, ademais, este plan permitirá pedir axudas a outras administracións.

No tema do transporte metropolitano, non ve o que está a conceder coa liña 1A que Xunta de Galicia non permite que se prolongue o acordo e máis agora que está en entredito o tema da adxudicación de liñas por uns posibles subornos das empresas contratistas ós que llas adxudicaran. A ver que fan estes días porque é un agravio inexplicable para os cidadáns da Coruña que a través de Alfonso Molina non poidan vir bañarse a Sta. Cristina, a ver como o explican porque desde logo están a frear o colapso de tráfico porque moitos bañistas virían seguramente no transporte público e deixarían o seu vehículo na casa, un traxecto que sae desde o Castelo de San Antón e que percorre a cidade para saír cara Sta. Cristina pola Avenida de Alfonso Molina, insiste no xa dito noutras ocasións, triste que a conselleira defenda máis os intereses dunha empresa privada de transporte que á cidadanía coruñesa que realmente é a gran perxudicada.

No tema das Grobias xa está un pouco canso, parece que tratando de utilizar a outros grupos políticos vai conseguir algo do que xa llo comunicou en innumerables ocasións, axudárono, etec, etc. ten que ir ó xulgado porque é un tema civil entre particulares e o concello nada pode facer, insiste en que xa llo dixo moitas veces.

En canto á prestación do servizo de recollida de colonias felinas, existe un contrato do Consorcio As Mariñas que atende todas estas cuestións.

Sobre o semáforo de Montrove, xa o dixo tamén moitas veces, a estrada principal Perillo-Montrove-Oleiros-Sada é a que ten prioridade, polo maior tráfico, e cambiar a frecuencia do semáforo pouco ou nada vai axudar, no seu momento e cando se poda, haberá que facer unha rotonda pero a terá que facer a Xunta de Galicia e en canto ós contedores, xa é a enésima vez que o presenta e xa se moveron os contedores nunha estrada que ten 16 m. de ancho e unhas beirarrúas de 3 m., polo que o que sobra é visibilidade.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.40 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en vinte (20) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.